



Universidade de Vigo

ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA

PLAN DE MELLORAS 2011

Aprobado en Xunta de Centro o 21/03/2011

Plan de Melloras da ESEI 2011

(Aprobado pola Xunta de Centro o 21/03/2011)

Obxectivos xerais do Plan

O obxectivo deste Plan de Accións de Mellora 2011 é seguir avanzando pola senda marcada nos Planos de Melloras desenvolvidos en cursos anteriores. A Universidade en xeral, e os Centros en particular, están cada vez máis obrigados a adoptar unha cultura integral da calidade como único xeito de competir e facer fronte ós novos retos das reformas de todo tipo que se están a producir dende fai xa varios anos no ámbito universitario. A recente aprobación do Sistema de Garantía Interno de Calidade da ESEI no marco do programa FIDES/AUDIT da ACSUG fai máis importante se cabe a concienciación na cultura da calidade de todos os que traballamos e estudamos neste Centro.

A Dirección da ESEI presenta unha relación de accións de mellora agrupadas en tres grandes plans.

- 1) Un Plan de Mellora das Relacións Exteriores e Institucionais, que tenta achegar aínda máis o noso Centro á realidade empresarial e laboral do noso ámbito, ao tempo que se desenvolve unha imaxe de marca recoñecible e de prestixio.
- 2) Un Plan de Mellora da Calidade Docente e a Adaptación ó Espacio Europeo de Educación Superior (EEES). As accións recollidas neste epígrafe van dirixidas ao fomento das iniciativas de converxencia co EEES e a mellorar a formación e os resultados académicos do noso alumnado.
- 3) Un Plan de Mellora dos Sistemas de Información, que ten por obxectivo principal dotar á ESEI de sistemas de información de especial interese en diferentes ámbitos como a docencia e a xestión.

Cada un destes plans está formado por unha serie de accións de mellora a levar a cabo durante o actual curso académico. Hai accións que precisarán de financiación específica, mentres que outras, aínda que sen custe económico, precisarán do esforzo e a colaboración de todos os que estudan e traballan na ESEI.

Para financiar as accións que o precisen o Centro utilizará as partidas do Programa de Calidade e as propias do Centro, así como as fontes de financiación externas que poida conseguir (Vicerreitoría do Campus de Ourense, Área de Calidade,...).

RELACIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA

Código	Acción	Responsable seguimento
PLAN DE MELLORA DAS RELACIÓNS EXTERIORES E INSTITUCIONAIS		
RE-01/2011	INCREMENTO DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS	Coordinador/a de prácticas
RE-02/2011	MELLORAR A PRESENCIA DA ESEI EN INTERNET E REDES SOCIAIS	Director
RE-03/2011	DIFUSIÓN DA OFERTA FORMATIVA DA ESEI	Director
PLAN DE MELLORA DA CALIDADE DOCENTE E A ADAPTACIÓN AO EEES		
CD-01/2011	SEGUIMENTO E MELLORA DOS RATIOS DE RENDEMENTO DOS TÍTULOS DE GRAO E MÁSTER	Coordinador/a de calidade
CD-02/2011	ADAPTACIÓN Á DOCENCIA ECTS	Subdirectora de adaptación ao EEES
CD-03/2011	INCREMENTO DA OFERTA DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	Subdirectora de Organización Académica
CD-04/2011	SISTEMA DE CONTROL DE TITORÍAS	Subdirectora de Organización Académica
CD-05/2011	SISTEMA DE CONTROL DE PUBLICACIÓN DE RESULTADOS DE EXAMES	Secretaria da ESEI
CD-06/2011	INCREMENTO DO NÚMERO DE VIDEOCLASES E AUDIOCLASES	Director
PLAN DE MELLORA DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN		
PS-01/2011	MIGRACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO	Subdirector de Sistemas
PS-02/2011	ADAPTACIÓN DA WEB Á NOVA ESTRUCTURA DE TITULACIÓNS	Subdirector de Sistemas
PS-03/2011	VIRTUALIZACIÓN DOS SERVIDORES E IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS WEB PARA PROFESORADO E ALUMNADO DA ESEI	Subdirector de Sistemas
PS-04/2011	AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO ONLINE PARA PROFESORADO E ALUMNADO	Subdirector de Sistemas

PLAN DE RELACIÓNS EXTERIORES E INSTITUCIONAIS

Acción de Mellora RE-01/2011: INCREMENTO DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS	
Puntos débiles	Baixo índice de participación do alumnado nas prácticas en empresas. Ausencia dun catálogo de empresas con convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas en todas as titulacións do Centro.
Planificación da acción	
Obxectivo	Acadar que todos os alumnos interesados poidan realizar prácticas en empresas.
Actuacións previstas	Elaborar un convenio marco de colaboración educativa con empresas para a realización de prácticas en todas as titulacións do Centro.
	Firmar convenios de colaboración cun mínimo de 20 empresas e institucións.
	Elaborar un procedemento para a publicación anual de ofertas de prácticas en empresas.
	Elaborar un sistema de acceso restrinxido para a publicación dos currícula dos alumnos e ex-alumnos ao que poidan acceder as empresas interesadas en ofertar becas ou postos de traballo.
Responsable do seguimento	Subdirectora de Adaptación ao EEES
Indicadores de execución/acción	Número de alumnos que realizan prácticas en empresas. Número de prácticas en empresas ofertadas durante o 2011. Número de empresas con convenio asinado a final de 2011.
Recursos / financiamento	-
Observacións	

Acción de Mellora RE-02/2011: MELLORAR A PRESENCIA DA ESEI EN INTERNET E REDES SOCIAIS	
Punto débil	Aínda que a ESEI ten presenza en Internet e redes sociais a través da súa web, a rede social propia (eseinet.es), facebook e twitter, non existe unha estratexia específica para o desenvolvemento adecuado desta presenza.
Planificación da acción	
Obxectivo	Definir e configurar os servizos adecuados para optimizar a presenza e difusión da ESEI en Internet e redes sociais.
Actuacións previstas	Elaborar un documento estratéxico e definir as accións a realizar.
	Implementar as accións establecidas.
	Formación
Responsable de seguimento	Director
Indicadores de execución / acción	Incremento das visitas á web da ESEI. Incremento da interacción co público a través dos servizos da web social. Incremento de consultas relativas ás titulacións.

Recursos / financiamento	<p>ELABORACIÓN DUN INFORME ESTRATÉXICO Cantidade: 3000€ Partida prevista: 228.02 (Produción docente)</p> <p>IMPLEMENTACIÓNS DAS ACCIÓNS PREVISTAS E XESTIÓN DA COMUNIDADE Cantidade: 3000€ Partida prevista: 228.02 (Produción docente)</p>
Observacións	

Acción de mellora RE-03/2011: DIFUSIÓN DA OFERTA FORMATIVA DA ESEI	
Punto débil	Escaso coñecemento da ESEI entre os alumnos potenciais. Poucos/as alumnos/as procedentes da provincia de Ourense
Planificación da acción	
Obxectivo	Ofertar aos alumnos potenciais toda a información posible da oferta formativa da ESEI.
Actuacións previstas	Realizar campañas de promoción da ESEI entre os centros de estudio dos alumnos potenciais, remitindo dípticos, carteis e impartindo charlas.
	Divulgar os aspectos máis positivos e competitivos da ESEI mediante publicacións en medios de comunicación e redes sociais, charlas, conferencias, xornadas de portas abertas, etc.
	Patrocinar eventos profesionais e de emprendemento.
	Realizar anuncios en radio e/ou televisión.
Responsable de seguimento	Director
Indicadores de execución / acción	Número de alumnos inscritos nas titulacións oficiais da ESEI
Recursos / financiamento	<p>PUBLICIDADE E PATROCINIOS Cantidade: 6000 euros Concepto: anuncios de radio, patrocinio de eventos, impresión de dípticos e carteis...</p>
Observacións	

PLAN DE CALIDADE DOCENTE E ADAPTACIÓN Ó EEES

Acción de Mellora CD-01/2011: SEGUIMIENTO E MELLORA DOS RATIOS DE RENDEMENTO ACADÉMICO DOS TÍTULOS DE GRAO E MÁSTER	
Punto débil	Ausencia dun procedemento de seguimento e mellora dos ratios de rendemento académico das diferentes materias das titulacións da ESEI.
Planificación da acción	
Obxectivo	Dispor dun procedemento útil e eficaz de seguimento e mellora dos ratios de rendemento académico das diferentes materias das titulacións da ESEI, orientado a facilitar o cumprimento dos compromisos establecidos nas memorias de verificación.
Actuacións previstas	Establecer un procedemento de recollida dos ratios de rendemento académico.
	Análise, na comisión de calidade, dos ratios ao final de cada cuadrimestre, e proposta de solucións de mellora nos casos que obteñan malos resultados.
	Publicación dos ratios na web da ESEI.
Responsable de seguimento	Subdirectora de Adaptación ao EEES
Indicadores de execución / acción	Publicación dunha páxina cos ratios anuais de cada materia. Evolución dos ratios de cada materia.
Recursos / financiamento	Bolseiros de apoio á Dirección.
Observacións	

Acción de Mellora CD-02/0809: ADAPTACIÓN Á DOCENCIA ECTS	
Punto débil	Escasa formación do profesorado en metodoloxías e técnicas docentes (traballo colaborativo, docencia orientada a problemas, portfolios,...)
Planificación da acción	
Obxectivos	Ofertar ao profesorado formación en metodoloxías e técnicas docentes para afrontar a implantación do título de Grao.
	Organizar cursos de formación na docencia ECTS para o profesorado, tanto orientados especificamente ás titulacións da ESEI como de formación pedagóxica en xeral.
	Fomentar a agrupación de profesores cun fin común para deseñar e divulgar novos métodos docentes (grupos de innovación docente).
Responsable de seguimento	Subdirectora de Adaptación ao EEES
Indicadores de execución / acción	Grao de satisfacción e aproveitamento do profesorado coa formación recibida.
Recursos / financiamento	CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO Cantidad: 6000€ Concepto: organización de cursos e xornadas para o profesorado.
Observacións	

Acción de Mellora CD-03/2011: INCREMENTO DA OFERTA DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	
Punto débil	Escasez de formación complementaria ás titulacións da ESEI
Planificación da acción	
Obxectivos	Impartir cursos de formación complementaria para alumnos e profesores
Actuacións previstas	Fomentar que o profesorado acuda ás convocatorias de Extensión Universitaria e outras para organizar cursos de interese para o alumnado.
	Celebración de conferencias de diversos temas.
	Publicitar as charlas e conferencias tanto no ámbito universitario como fora do mesmo.
	Organizar cursos de idiomas para o PDI e o PAS da ESEI
Responsable do seguimento	Subdirectora de Organización Académica
Indicadores de execución / acción	Número de actividades formativas complementarias organizadas e nivel de participación, satisfacción e aproveitamento.
Recursos / financiación	CURSOS DE FORMACIÓN E CONFERENCIAS Cantidade: 6000 euros
Observacións	

Acción de Mellora CD-04/2011: SISTEMA DE CONTROL DE TITORÍAS	
Punto débil	Ausencia dun mecanismo de control do cumprimento das titorías do profesorado, que se reflicte na Valoración da Actividade Docente do Centro.
Planificación da acción	
Obxectivos	Aprobación dun mecanismo de control do cumprimento das titorías do profesorado.
Actuacións previstas	Aprobación do sistema de control na Xunta de Escola.
	Implantación do sistema de control.
	Recollida de evidencias para o SGIC
Responsable do seguimento	Subdirectora de Organización Académica.
Indicadores de execución / acción	Nivel de cumprimento de titorías. Número de reclamacións por incumprimento de titorías. Puntuación obtida neste apartado na VAD do Centro.

Recursos / financiación	
Observacións	

Acción de Mellora CD-05/2011: SISTEMA DE CONTROL DE PUBLICACIÓN DE RESULTADOS DE EXAMES	
Punto débil	Ausencia dun mecanismo de control de publicación de resultados de exames, que se reflicte na Valoración da Actividade Docente do Centro.
Planificación da acción	
Obxectivos	Aprobación dun mecanismo de control de publicación de resultados de exames..
Actuacións previstas	Recoller propostas da Área de Calidade da Universidade
	Elaborar unha proposta de publicación de resultados de exames na Comisión de Calidade.
	Aprobación do sistema de control na Xunta de Escola.
	Implantación do sistema de control.
	Recollida de evidencias para o SGIC
Responsable do seguimento	Secretaria da Escola
Indicadores de execución / acción	Nivel de cumprimento de publicación de resultados de exames. Número de reclamacións por incumprimentos na publicación de resultados de exames. Puntuación obtida neste apartado na VAD do Centro.
Recursos / financiación	Bolseiros de apoio á Dirección
Observacións	

Acción de Mellora CD-06/2011: INCREMENTO DOS CONTIDOS DOCENTES ABERTOS	
Punto débil	Escasez de contidos docentes abertos de materias das titulacións da ESEI (apuntes, transparencias, vídeo e audioclases, wikis, blogs...), que nalgún caso se reflicte na Valoración da Actividade Docente do Centro.
Planificación da acción	
Obxectivos	Ofertar contidos docentes abertos de materias das titulacións da ESEI, que sexan de interese e accesibles, ademais de para os estudantes do Centro, para calquera persoa interesada.
Actuacións previstas	Incentivar ao profesorado que oferte contidos docentes abertos
	Publicitar e publicar estes contidos docentes para que poidan ser atopados facilmente, a través da web, a rede social da ESEI, a rede social da Uvigo, UVigo TV, etc.
Responsable do seguimento	Director / Comisión Permanente
Indicadores de execución / acción	Contidos publicados de diferentes tipos. Visitas acadadas aos diferentes contidos. Número de vídeo e audioclases grabadas.
Recursos / financiación	Bolseiros de apoio á Dirección. INCENTIVOS PARA O PROFESORADO E APOIO TÉCNICO E DE MEDIOS CANDO SEXA PRECISO Cantidade: 4000€ Concepto: material de oficina e/ou inventariable
Observacións	

PLAN DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN

Acción de Mellora PS-01/2011: MIGRACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
Punto débil	Escaso espazo de almacenamento para o email da ESEI. Imposibilidade de redireccionamento cara outras direccións de email. Imposibilidade de descargar o email utilizando clientes de correo. Escasa utilización polo alumnado. Escasa ou nula utilización polos ex-alumnos.
Planificación da acción	
Obxectivos	Implantar un servizo de correo electrónico da ESEI que permita aos usuarios redireccionar os mensaxes cara outras direccións, e descargarlos con clientes de correo.
Actuacións previstas	Implantar un novo sistema de correo electrónico.
	Migrar o actual sistema cara o novo.
Responsable de seguimento	Subdirector de sistemas
Indicadores de execución / acción	Implantación do sistema de correo electrónico. Grao de satisfacción dos usuarios.
Recursos / financiación	Bolseiros de informática.
Observacións	

Acción de Mellora PS-02/2011: ADAPTACIÓN DA WEB Á NOVA ESTRUCTURA DE TITULACIÓNS	
Punto débil	Falta de integración da información dos horarios e a planificación das actividades docentes (traballos, probas, exames...) do grao na web da ESEI.
Planificación da acción	
Obxectivos	Integrar a información dos horarios e a planificación das actividades docentes (traballos, probas, exames...) do grao na web da ESEI.
Actuacións previstas	Analizar as posibles melloras e os cambios necesarios na web da ESEI
	Implementar os cambios necesarios.
Responsable de seguimento	Subdirector de sistemas
Indicadores de execución / acción	Remate da modificación da web. Grao de satisfacción dos usuarios.
Recursos / financiación	Bolseiros de apoio á Dirección.
Observacións	

Acción de Mellora PS-03/2011: VIRTUALIZACIÓN DE SERVIDORES E IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS WEB PARA PROFESORES E ALUMNOS DA ESEI	
Punto débil	Non existen servizos que permitan aos profesores e alumnos crear as súas páxinas web, blogs, redes sociais, etc. Ausencia de servidores virtualizados.
Planificación da acción	
Obxectivos	Implantar servizos para a publicación de servizos online como webs ou blogs.
Actuacións previstas	Virtualización de servidores
	Instalación de servizos como Wordpress MU, Drupal e outros.
Responsable de seguimento	Subdirector de Sistemas
Indicadores de execución / acción	Grado de utilización dos servizos implantados
Recursos / financiación	VIRTUALIZACIÓN DE SERVIDORES E IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS WEB. Cantidad: 6000€

Observacións	
--------------	--

Acción de Mellora PS-05/2011: AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO ONLINE PARA PROFESORADO E ALUMNADO	
Punto débil	Escaso espazo de almacenamento online para profesorado e alumnado da ESEI.
Planificación da acción	
Obxectivos	Incrementar o espazo de almacenamento online para profesorado e alumnado da ESEI.
Actuacións previstas	Instalar nova infraestrutura de almacenamento.
	Ampliación do espazo de almacenamento.
Responsable de seguimento	Subdirector de Sistemas
Indicadores de execución / acción	Grado de utilización dos servizos implantados.
Recursos / financiación	Bolseiros de informática.
Observacións	

ORZAMENTO PREVISTO

	RE-02	RE-03	CD-02	CD-03	CD-06	PS-03	TOTAL
Informe estratéxico	3000						
Implementación de accións e xestión da comunidade	3000						
Publicidade e patrocinios		6000					
Cursos formación profesorado			6000				
Cursos e conferencias				6000			
Grabación de video e audioclases					4000		
Virtualización de servidores e implantación de servizos web						6000	
GASTOS PREVISTOS	6000	6000	6000	6000	4.000	6.000	34000
FINANCIACIÓN	6000	6000	6000	6000	4000	6000	34000
226.02 - Publicidade		2500					2500
280.02 - Producción docente	6000	3500	6000	3000	1000	3000	22500
625 - Mobiliario e equipamento							3000
227.09 - Outros traballos realizados por empresas						3000	3.000
228.02 - Conferencias				3000			3000
Contrato programa de Calidade					3000		3000